



# CIG

# Boletín Sindical

Nº 85 - 2025

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

## IX Congreso da CIG


### A forza da nosa clase: Traballo, dereitos, soberanía

A Confederación Intersindical Galega (CIG) celebrará o vindeiro día 24 de maio o seu IX Congreso baixo o lema “A forza da nosa clase. Traballo. Dereitos. Soberanía”. Ao longo da xornada 648 delegadas e delegados: 6 da Comisión de Garantías, 12 da Executiva, 100 do Consello Confederal e 530 elixidos/as en asembleas acordarán as liñas de traballo que permitirán reforzar o modelo e a acción sindical para os vindeiros catro anos.

Nos documentos a debate, advírtese dun capitalismo neoliberal “máis agresivo e inestábel”, cunha hexemonía estadounidense en declive e un “libre mercado proteccionista” impulsado por Trump. Un relatorio no que se denuncia a escalada militar da OTAN, a recesión e a austeridade que recortan servizos públicos, mentres a crise inflacionista, agravada pola guerra en Ucraína, beneficia oligopolios enerxéticos e alimentarios.

No mesmo sentido, a Unión Europea, en crise tras o Brexit e a pandemia, é criticada como unha “Europa dos Estados” sometida aos EUA, incapaz de garantir o benestar das e dos europeos. Un modelo fronte ao que se propón unha “Europa dos Pobos”, na que se respecte o dereito de autodeterminación e a xustiza social, para frear o auxe da extrema dereita, alimentada polo capital ante o descontento social.

No Estado español, a CIG denuncia as reformas neoliberais do Goberno “progresista”, como a reforma laboral de 2021, que perpetúa a precariedade, e o diálogo social con CCOO e UGT, que consolida recortes salariais e de dereitos. Respecto da dereita neofran-



quista denúnciase que nega a plurinacionalidade e impulsa a centralización.

Do mesmo xeito recóllese que en Galiza, os gobernos do PP de Feijóo e Rueda afondan na dependencia económica, promovendo a eucalptización, o turismo descontrolado e a explotación de recursos, o que provoca emigración (371.637 persoas desde 2009) e envellecemento. Un modelo colonial ao servizo de intereses externos alimentado polo diálogo social galego, aliado do capital.

#### Promover o conflito para avanzar en dereitos

A CIG reafirmase no conflito social como motor de cambio, rexeitando a resignación ante o desmantelamento dos dereitos laborais. Propón un modelo galego de negociación colectiva,

con salarios dignos (mínimo de 1.320 €/mes), cláusulas contra a precariedade, xornadas de 35 ou 32 horas e loita contra a fenda de xénero.

O relatorio apunta a saúde laboral como prioritaria, exixindo prevención efectiva fronte á alta sinistralidade e criticando a privatización vía mutuas. Na defensa dos servizos públicos, demanda unha sanidade universal, vivenda accesíbel e medios como a CRTVG que promovan a identidade galega.

Como sindicato feminista, a central sindical comprométese a loitar contra a explotación das mulleres no traballo e nos coidados, visibilizando o acoso e a segregación profesional. A soberanía é tamén un eixo estratéxico, defendendo que Galiza decida o seu modelo

socioeconómico para superar a dependencia e construír un futuro socialista. Aliada ao Movemento Nacionalista Galego, a CIG chama a fortalecer a conciencia nacional fronte ao sistema español.

O relatorio de organización aposta por unha estrutura viva, con seccións sindicais como “espiña dorsal” e unións locais para ampliar a presenza territorial. Considera a participación da afiliación clave, para o que entende que cómpre revitalizar asembleas presenciais e organismos de dirección áxiles.

O IX Congreso avanzará pois nun sindicalismo nacionalista e de clase, como o que representa a CIG apostando polo conflito, a soberanía e o feminismo para transformar Galiza.

*Podes descargar os textos en*  
[www.cig.gal](http://www.cig.gal)

# A CIG tomou ás rúas o 1º de Maio para reivindicar traballo, dereitos e soberanía

## Milleiros de persoas ao berro de 'Galiza contra as guerras'

A CIG tomou as rúas do país o 1º de Maio, Día Internacional da Clase Obreira, baixo o lema 'Traballo, dereitos, soberanía. Galiza contra as guerras' para reivindicar dereitos laborais, sociais e nacionais e rexeitar a escalada belicista liderada polos Estados Unidos e a OTAN. Varios milleiros de persoas participaron nas 17 mobilizacións convocadas pola central sindical noutras tantas localidades galegas, sendo a principal e máis numerosa a manifestación que percorreu o centro de Vigo ao mediodía, dende o cruce da Dobrada até a Porta do Sol.

Este 1º de Maio enmárcase na campaña da CIG para reclamar traballo digno, igualdade de salarios e unha Galiza con dereitos, e celébrase nun contexto de profunda crise global, marcada por unha ofensiva do capitalismo neoliberal que reforza a explotación de clases e pobos, no que o gasto militar e a guerra son ferramentas do imperialismo para soste un sistema inxusto e incapaz de resolver as necesidades básicas da humanidade e de ser respectuoso coa natureza.

Nestes termos se expresou o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, durante a súa intervención ao remate da mobilización de Vigo, que comezou cunha mención solidaria coa Palestina e de condena ao xenocidio israelí. Demandou unhas novas relacións internacionais sen subordinacións, explotación nin dependencias, fundamentadas no dereito de autodeterminación e no respecto á soberanía dos pobos.

E alertou sobre o medre da extrema dereita medra, consolidando un proxecto reaccionario que antepón os gastos militares aos dereitos sociais, "deriva que afonda no descrédito da UE no mundo e acelera a súa descomposición interna, mentres se mantén intolerante en recoñecer dereitos sociais e a soberanía dos pobos a as nacións que a integran".

Un deseño imperialista co que o Goberno español "se aliñou sen reparos", lanzando unha "descomunal" campaña de propaganda, recorrendo ao medo para convencer á poboación da necesidade de incrementar as partidas destinadas a armamento, cando xa supera o 2% do PIB en gasto militar, priorizando así orzamentos bélicos sobre as necesidades sociais.



De xeito que acepta plans de axuste que recortan o investimento público e avanza na privatización dos servizos básicos, medrando os sectores populares impedidos de acceder a dereitos como alimentación e vivenda. "O 60% do emprego creado son contratos fixos-descontínuos e temporais; crece a pobreza laboral; e moitas persoas traballadoras ven reducidos os seus ingresos mentres as empresas aumentan beneficios".

### Políticas "suicidas" do PP

Carril cargou tamén contra as políticas "suicidas" do Partido Popular á fronte do Goberno galego, "que aproveita estas políticas españolas e no seu profundo proxecto reaccionario e dereitoso convérteas en máis fatais para o pobo galego, provocando un aumento da pobreza e da desigualdade". Privatización dos servizos públicos, do ensino e da sanidade, mercantilización do sector da dependencia ou a actual ofensiva contra a lingua propia do país foron algunhas das cuestións que citou a modo de exemplo.

E lamentou que todo isto ocorre en Galiza e no Estado español co aval dun diálogo social "fraudulento" que se utiliza como "cortina de fume" para impor estas medidas e as reformas laborais e da Seguridade Social "que legalizan a precariedade, os baixos salarios, a pobreza laboral e aumentan as desigualdades e o desmantelamento do sistema público de pensións".

Medidas como a redución da xornada a 37,5 horas promovida polo Ministerio de Traballo, UGT e CCOO, que cualificou de "fraudulenta" porque a xornada laboral anual media xa está moi próxima a esta cifra e porque a redución faise no cómputo anual, permitindo a distribución irregular da xornada, o que non garante que as persoas saian antes do traballo.

"As políticas favorábeis para a clase traballadora e para o pobo galego non son concesións dos gobernos nin nacen do diálogo social, senón que se conquistan loitando; o tempo que tardamos en ir á mobilización e á folga é tempo que perdemos en gañar dereitos", rematou.



# As traballadoras das residencias intensifican a loita por un convenio digno

As traballadoras das residencias privadas de maiores e dos centros de día seguen en loita por un convenio que dignifique as súas condicións laborais e salariais. Malia os abusivos servizos mínimos decretados pola Xunta para as xornadas de folga convocadas pola CIG, que nalgúns casos chegan ao cen por cen dos cadros de persoal, as traballadoras demostran unha firme capacidade de loita.

Para visibilizar as súas reivindicacións, centos de traballadoras participan nas mobilizacións convocadas pola CIG nas xornadas de folga, e incluso as traballadoras que están en servizos mínimos amosan o seu apoio aos paros con protestas espontáneas diante dos centros residenciais, aproveitando os tempos de descanso ou os cambios de quenda.

Logo das dúas xornadas de folga de abril, da manifestación nacional realizada en Compostela e da protesta en Vigo con motivo dun acto co Presidente da Xunta e a Conselleira de Política Social, os paros continuarán os días 7 e 21 de maio. Unha resposta contundente ante o immobilismo dunha patronal, encabezada por DomusVÍ, que ten secuestrada a negociación colectiva.

O sector das residencias privadas emprega en Galiza a unhas 14.000 persoas, a maioría mulleres, que desenvolven un traballo esencial e necesario en condicións precarias. Non obstante, desde o pasado mes de outubro a mesa de negociación non se reúne, impedindo deste xeito a patronal a mellora nas condicións retributivas e de traballo.

## Por debaixo do SMI

O secretario de Negociación Colectiva da CIG-Servizos, Adolfo Naya, denuncia que a patronal “non quere ceder nin o mínimo, e como tal está mantendo o 60% das traballadoras de residencias por debaixo do salario mínimo interprofesional (SMI)”.



Ademais dun salario digno, as principais reivindicacións do colectivo refírense á redución da carga de traballo e da xornada laboral anual, á ampliación das coberturas das situacións de IT (xa que neste sector son habituais as baixas por problemas músculo-esqueléticos que non se recoñecen como enfermidades profesionais), medidas de conciliación que permitan compatibilizar a vida laboral e persoal ou que se compensen os festivos.

## A Xunta, desaparecida

Naya critica a falta de resposta da Xunta de Galiza ante as demandas do sector, a pesar de que moitas residencias privadas xestionan prazas concertadas ou son centros públicos privatizados. “A Xunta ten que implicarse e deixar de lavar as mans diante dun sector tan importante. Non fai ningún control efectivo sobre as condicións laborais nin sobre a atención ás persoas usuarias, permitindo que multinacionais e fondos voitre prioricen os beneficios económicos por riba do benestar das persoas”, engade.

Neste senso, lembra que unha das demandas básicas pasa pola mellora das ratios de persoal para atender adecuadamente as persoas usuarias

e rexeita a decisión da Consellaría de Política Social de eliminar a obrigatoriedade de contar coa presenza física de persoal de enfermaría as 24 horas.

Precisamente, un dos problemas máis graves rexistrados nas residencias durante o colapso do sistema eléctrico do pasado 28 de abril foi a falta do persoal de enfermaría na quenda de noite. “Isto supuxo menos persoal para atender as necesidades asistenciais e sobre todo que non se contaba con persoal formado para programar os respiradores ou controlar a alimentación por sonda”, advirte Naya.

Outras das cuestións que denuncian as traballadoras son os problemas derivados da decisión da Xunta de Galiza de ingresar persoas con doenzas psiquiátricas en residencias de maiores, cando “nin o persoal está formado para atender este perfil de usuarios/as, nin os tratamentos que se lles teñen que aplicar están validados, nin os centros están adaptados ás súas necesidades”.

Neste contexto, as traballadoras son conscientes que só a través da loita e da mobilización conseguirán mellorar os seus dereitos e avanzar no camiño da equiparación coas condicións que xa ten o persoal das residencias públicas de xestión directa.

# Día das Letras Galegas: foliada nacional pola lingua o 17 de maio en Compostela

A Plataforma Queremos Galego, da que fai parte da CIG, convoca manifestación para o 17 de Maio, que concluirá cunha foliada pola lingua na Praza do Obradoiro de Santiago. A mobilización pretende ser unha homenaxe masiva á lingua e a cultura popular que se mantivo viva na voz das cantareiras resistindo a todos os intentos de apagala.

Queremos Galego fai un chamado ás agrupacións, asociacións e colectivos da música galega a participaren na grande foliada pola lingua e anima a todas as persoas que se sumen á manifestación a traeren as súas pandeiretas. Deste xeito, a música de Lingua vital xa! tomará de novo as rúas de Compostela para amosar, cantando e bailando, a forza do pobo galego e da súa lingua, fronte aos enganos e mentiras da Xunta para manter a súa exclusión do galego e avanzar no desmantelamento da súa oficialidade.

De cara a esta grande mobilización, Queremos Galego vén desenvolvendo plenarios por toda Galiza con dous obxectivos: difundir a convocatoria de manifestación nacional e foliada pola lingua e comezar un proceso social amplo, plural e participativo para facer o que a Xunta non ten disposición de facer: avaliar o cumprimento do PXNLG e dos acordos nacionais e internacionais a favor do galego, detectar os obstáculos que impediron o seu cumprimento e concretar como se deben aplicar as medidas estab-



lecidas nestes acordos unánimes para garantir a súa eficacia. Este proceso, chamado Lingua vital, será presentado na praza do Obradoiro o 17 de maio.

## Entidades excluídas

Queremos Galego denuncia que, no canto de aplicar os acordos xa tomados como o PXNLG, a Carta Europea ou a Declaración Universal dos dereitos lingüísticos, avaliar o seu cumprimento e acordar un calendario para que se faga efectivo, "a Xunta optou por excluír as entidades representativas dos diferentes sectores sociais, desertar das súas obrigas e cargárllelas a uns supostos expertos, mentres en paralelo continúa a legislar contra o galego".

Por iso, a plataforma cidadá considera que é evidente que estes acordos non se están a respectar, que as medidas que indicaban non se aplican e

que neste tempo se chegou a legislar en contra deles. O resultado deste desleixo é a aceleración da tendencia negativa no uso do galego e unha porcentaxe de incapacidade para falalo inédita na historia de Galiza.

Fronte a esta actitude da Xunta e do PP a sociedade galega dará unha contundente resposta, saíndo ás rúas de novo no Día das Letras Galegas, na manifestación e foliada que unirá a reivindicación do noso dereito a vivir en galego e as cantareiras que recolleiron a nosa historia, a nosa tradición, a nosa idiosincrasia, nun repertorio que nos legaron a través dun percorrido de séculos e no que nos recoñecemos, non só porque fale da nosa realidade pasada e presente, senón tamén porque o cantan en galego, unha lingua que falamos hoxe para que os nosos fillos e as nosas fillas poidan falala no futuro.

## LINGUAVITALXA! PAREMOS A EMERXENCIA LINGÜÍSTICA

MANIFESTACIÓN NACIONAL  
FOLIADA POLA LINGUA

17 de maio ás 12:00 h  
Día das Letras Galegas  
Santiago de Compostela  
Saída da Alameda >  
Remate no Obradoiro

